

## BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DOS PREMIOS DA GALA DO DEPORTE 2022 DO CONCELLO DE CAMBRE

1. Convócase a Gala do Deporte 2022 do Concello de Cambre, na que se premiará aos deportistas e equipos máis destacados nas diferentes disciplinas do deporte federado na tempada 2021/2022, así como o recoñecemento público daquelas persoas e entidades que, tanto pola traxectoria deportiva como profesional ao longo da súa carreira, contribuíron á potenciación dos valores que o deporte representa.
2. A data de celebración da gala será o 25 de novembro do 2022.
3. A cidadanía elixira un premiado/a en cada unha das seguintes modalidades:
  - Mellor deportista cambresa, categoría base (nados 2006- 2014) deporte individual
  - Mellor deportista cambresa, categoría base (nados 2006- 2014) deporte colectivo
  - Mellor deportista cambrés, categoría base (nados 2006- 2014) deporte individual
  - Mellor deportista cambrés, categoría base (nados 2006- 2014) deporte colectivo
  - Mellor deportista cambresa, categoría absoluta (nados 2005 e anteriores) deporte individual
  - Mellor deportista cambresa, categoría absoluta (nados 2005 e anteriores) deporte colectivo
  - Mellor deportista cambrés, categoría absoluta (nados 2005 e anteriores) deporte individual
  - Mellor deportista cambrés, categoría absoluta (nados 2005 e anteriores) deporte colectivo
  - Mellor equipo cambrés feminino
  - Mellor equipo cambrés masculino
  - Deportista cambresa máis querida
  - Deportista cambrés máis querido
  - Mellor promesa cambresa
  - Mellor promesa cambrés
  - Mellor entidade deportiva
  - Mellor adestrador/a
  - Mellor deportista con diversidade funcional
4. As entidades/clubs deportivos de Cambre serán os que presenten os candidatos a estes premios. Deberán cumprir as seguintes condicións:
  - Únicamente poderán presentar un candidato por modalidade.
  - Os deportistas nomeados deberán estar inscritos na federación correspondente.
  - Na modalidade de "Mellor promesa" é requisito indispensable ter menos de 19 anos e ter participado como mínimo nun Campionato de España, Europeo ou Mundial ou ter sido internacional coa selección española.
5. O prazo de presentación das candidaturas comeza coa publicación destas base no Boletín Oficial da Provincia e remata o venres 4 de novembro de 2022.
6. As candidaturas deben ser presentadas por correo electrónico na dirección [galadeporte@cambre.org](mailto:galadeporte@cambre.org), mediante a achega do formulario normalizado de nominación.
7. Do 10 ao 18 de novembro levarase a cabo a votación telemática, a través da páxina web <https://cambre.es/iv-gala-do-deporte/>. Cada persoa poderá votar un único nomeado/a por modalidade.

8. Na Gala do Deporte entregaránse, a maiores, as seguintes mencións especiais:
  - Mellor deportista feminino
  - Mellor deportista masculino
  - “Deporte a toda a vida Bernardo Bish”, 3 premios para esta distinción
  - Campaña socio-deportiva
  
9. As mencións especiais serán concedidas por un xurado formado polo concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude do Concello de Cambre (como presidente e con voto de calidade), un representante da prensa deportiva, un representante do mundo deportivo e un representante dunha entidade deportiva do Concello de Cambre. Como secretario do xurado actuará unha persoa designada polo Departamento de Deportes, con voz pero sen voto.
  
10. Os premios e/ou recoñecementos poderán declararse desertos, se o xurado considera que ningunha candidatura conseguiu os méritos para recibilos.
  
11. A participación nestes premios supón a aceptación expresa destas bases.

**ANEXO I:** formulario para a nominación das persoas e equipos candidatos